



C E I D A

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

Traballando pola
sustentabilidade ambiental

¿Que é o CEIDA?





O CEIDA é o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, un organismo que promove a educación ambiental de todos os sectores sociais, así como o intercambio cultural e científico no ámbito do medio ambiente.

Para elo conta con aulas para conferencias, seminarios e congresos, salas de exposicións, un centro de documentación especializado en medio ambiente, e un equipamento avanzado en novas tecnoloxías da comunicación e información.

Ten a súa sede no Castelo da illa de Santa Cruz (Oleiros), declarado Ben de Interese Cultural, un lugar no que conflúen o interese histórico, un contorno natural privilexiado e unha situación xeográfica estratégica.

O CEIDA é o resultado dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente), a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Dispón de recursos didácticos para o estudo e coñecemento do medio.

- SERVICIO BIBLIOTECARIO
- PRODUCCIÓN DE MATERIAL DIDÁCTICO E BIBLIOGRÁFICO PROPIO
- EXPOSICIONES PERMANENTES E ITINERANTES
- ORGANIZACIÓN DE CURSOS E CONFERENCIAS, entre outras actividades formativas e divulgativas.

CEIDA

Educación ambiental

A UNESCO resalta a importancia da educación ambiental para enfrentarse aos retos ambientais presentes e futuros.

A Estratexia Galega de Educación Ambiental define este ámbito como unha dimensión global das persoas e colectividades sociais, que nas súas diversas manifestacións e prácticas promove o coñecemento, interpretación e concienciación respecto das diferentes problemáticas ambientais, do seu impacto local e planetario, activando competencias e valores dos que se deriven actitudes e comportamentos congruentes coa ética ecolóxica que se precisa para participar na construción dun desenvolvemento humano sostible.

O CEIDA canaliza o esforzo de tres institucións con fortes compromisos co medio ambiente e a educación ambiental.





■ A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE da Xunta de Galicia ten atribuídas as competencias en materia de información e formación ambiental.

■ A UNIVERSIDADE DA CORUÑA ten entre as súas funcións a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

■ O CONCELLO DE OLEIROS é o propietario do Castelo da illa de Santa Cruz e ten unha longa traxectoria de compromiso ambiental.

CEIDA
Información e divulgación





A Lei de Protección Ambiental de Galicia destaca que a información ambiental é o punto de partida dunha efectiva protección do medio ambiente.

Por iso, o CEIDA recolle constantemente a información ambiental de interese que sirve para alimentar un fondo documental especializado. Este fondo documental posibilita facilitar información e documentación a expertos, educadores e público en xeral.

Asimesmo, permite divulgar experiencias positivas para o medio ambiente e elaborar publicacións sobre o medio ambiente e desenvolvemento sostible.

■ O Centro de Documentación Domingo Quiroga, con sede no CEIDA, lembra a figura de D. Domingo Quiroga Ríos (1900-1992), unha destacada personalidade no coñecemento e estudo do mar, asesor da FAO para temas pesqueiros, que tivo un papel sobranceiro na defensa dos recursos naturais e do medio ambiente de Galicia.



CEIDA Formación


O CEIDA resulta marco idóneo para a **formación ambiental** a tódolos niveis, tanto de especialistas, técnicos, profesionais de diversas especialidades, ou voluntarios, como de escolares e o público en xeral.


Para consegullo, o CEIDA organiza

- CONGRESOS ■ SIMPOSIOS
- CURSOS ■ SEMINARIOS
- ENCONTROS,

e pon o seu potencial ó servicio doutras institucións para capacitar técnicos e formar especialistas en educación e comunicación ambiental.

O CEIDA colabora na formación permanente dos educadores nas especialidades relativas ao medio ambiente.







CEIDA Interpretación

Un dos nosos obxectivos é revelar o significado do noso patrimonio natural, cultural e histórico, de maneira que o público adopte unha actitude positiva para o medio ambiente e comportamentos favorables á súa conservación e uso sustentable.

Para iso o CEIDA conta con áreas para exposicións interpretativas sobre o medio e dirixidas a toda a poboación, tanto a escala individual como en grupos.

O CEIDA PRODUCE EXPOSICIÓNNS,
TANTO PERMANENTES COMO ITINERAN-
TES, QUE PODEN SER APROVEITADAS
POR OUTRAS ENTIDADES E INSTITU-
CIÓNNS PREOCUPADAS POLA EDUCACIÓN
E A COMUNICACIÓN AMBIENTAL.



CEIDA
Punto de encontro




O CEIDA está aberto a naturalistas, educadores, ecoloxistas, científicos, institucións e actores sociais de aquí e de todo o mundo, a todos os que queren colaborar no coñecemento, divulgación e defensa do patrimonio natural e cultural.



CEIDA
Extensión Universitaria





O coñecemento científico e técnico sobre o medio é en si mesmo un medio para a súa protección e uso racional.

O coñecemento científico non é suficiente. Tan importantes como os avances na ciencia son as actitudes dos cidadáns. Ademais, o coidado do medio é unha dimensión máis da cultura dunha persoa ou dun pobo. Por iso, o CEIDA desenvolve accións dirixidas dende a comunidade universitaria ó conxunto da sociedade.

O CEIDA COLABORA COAS ACTIVIDADES CULTURAIS E CIENTÍFICAS RELATIVAS Á MATERIA DE MEDIO AMBIENTE, ORGANIZADAS POLA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA.





C E I D A

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA



Castelo de Santa Cruz s/n 15179

Liañs (Oleiros - A Coruña)

Tel. 981 630 618

Fax 981 614 443

www.ceida.org



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



CONSELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE

Concello de Oleiros

